

## COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

CIRCULAR Nº 18/2023

ACORDO DA XUNTA DIRECTIVA

---

Asunto: **CRITERIOS DE ELABORACIÓN DA PROPOSTA DE XURADO DOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA A CELEBRAR EN GALICIA**

Este documento describe os criterios aprobados pola Xunta Directiva do CGX para a composición das propostas dos xurados dos Campionatos de España que se celebren en Galicia, agás as xornadas dos Campionatos de España de Clubes.

A composición final dos xurados compete ao Comité Nacional de Jueces pero o Comité Galego de Xuíces será o que faga as propostas ao CNJ para a aprobación da mesma.

Os criterios descritos a continuación foron aprobados por unanimidade na xunta directiva do CGX celebrada o pasado 19 de novembro de 2023 en reunión presencial e terán validez agás aprobación duns criterios novos por parte da xunta directiva do CGX.

### **Requisitos Xerais**

Calquera xuíz convocado polo CGX para actuar nos Campionatos de España celebrados en Galicia, deberá cumprir os seguintes requisitos xerais:

Xuíces Nivel 1: Ter polo menos 2 actuacións na súa delegación e ter mostrado dispoñibilidade para actuar fora da súa delegación en polo menos 2 ocasións durante os doce meses anteriores ao campionato.

Xuíces Nivel 2 ou Nivel 3: Ter polo menos 2 actuacións na súa delegación e ter aceptado algunha designación do Comité Galego de Xuíces durante os doce meses anteriores ao campionato, en caso de ter recibido algunha.

Por motivos persoais debidamente xustificados, ou por falta de competicións na súa delegación durante a tempada anterior ao campionato, poderá terse en conta o seu historial en tempadas pasadas.

De xeito excepcional e transitorio, ata o 1 de novembro de 2024 só terase en conta a esixencia de actuacións na súa delegación.

## **Xuíces do xurado xeral**

Os criterios para a elaboración do xurado teñen en conta os seguintes principios xerais:

- Os xuíces xefes de proba e os xuíces en postos críticos serán xuíces nivel 3.
- Priorizarase a aqueles xuíces que actúan con regularidade tanto nas probas da súa delegación como aqueles que se desprazan a outras delegacións, así como aqueles xuíces que colaboran impartindo cursos de formación.
- Ante igualdade de condicións dos puntos anteriores, priorizarase a categoría de xuíz nivel 2 fronte a nivel 1 de cara a motivar aos xuíces a ascender a dita categoría, o que é beneficioso para o comité galego de cara a mellorar a calidade e coñecementos dos xurados.
- O CGX aplicará o criterio de redución de custos de desprazamento e de pernoctacións.

Tendo en conta estes principios descritos, os criterios de convocatoria dos xuíces para formar parte do xurado xeral serán os seguintes:

## **CAMPIONATOS DE MÁIS DE 1 DÍA**

- **Xuíces NIVEL 3 de Galicia e os xuíces NIVEL 2 da delegación onde se celebra a competición:**  
Serán convidados a actuar en tódalas xornadas todos os xuíces nivel 3, e os xuíces nivel 2 da delegación sempre que cumpran os requisitos xerais.
- **Xuíces NIVEL 2 de Galicia e os xuíces NIVEL 1 da delegación onde se celebra a competición:**  
Serán convidados a actuar nun día da competición todos os xuíces nivel 2, e os xuíces nivel 1 da delegación sempre que cumpran os requisitos xerais. Non terán dereito a aloxamento debendo viaxar o mesmo día.
- **Xuíces NIVEL 1 de fora da delegación onde se celebra a competición:**  
Poderán ser convidados a actuar os xuíces nivel 1 de fora da delegación cando os xuíces dos puntos anteriores non cubran a totalidade dos postos do xurado.

## **CAMPIONATOS DUN 1 DÍA**

- **Xuíces NIVEL 3 e xuíces NIVEL 2 da delegación onde se celebra a competición:**  
Serán convidados a actuar en tódalas xornadas sempre que cumpran os requisitos xerais.
- **Xuíces NIVEL 3 e xuíces NIVEL 2 de Galicia:**  
Poderán ser convocados a criterio do CGX para cubrir os postos claves do xurado sempre que cumpran os requisitos xerais.
- **Xuíces NIVEL 1:**  
Terán prioridade os xuíces da delegación onde se celebra a competición e poderán ser convocados, a criterio do CGX, xuíces de outras delegacións, sempre que cumpran os requisitos xerais.

## **Xuíces en Postos de Especialistas**

- **Equipo de Saídas:** Serán nomeados a proposta do responsable de saídas do CGX tendo en conta os criterios da Comisión de Saídas do CNJ. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de saídas ou do panel autonómico de saídas.
- **Operadores de EDM:** Serán nomeados a proposta do responsable de EDM segundo as necesidades trasladadas pola RFEA para o uso dos equipos. Os xuíces terán que ser membros do panel autonómico de EDM.
- **Operadores de Foto Finish:** Serán nomeados a proposta do responsable de Foto Finish dependendo do número de equipos a utilizar. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de xuíces xefe de foto-finish.
- **Equipo de Dirección Técnica:** Serán nomeados a proposta do responsable de dirección técnica do CGX tendo en conta os criterios da Comisión de Dirección Técnica do CNJ. Os xuíces terán que ser membros dos paneis RFEA de dirección técnica.
- **Xurado de Marcha:** Serán nomeados a proposta da responsable de marcha do CGX. Os xuíces de marcha terán que ser membros dos paneis RFEA de marcha.

Non se terá en conta a categoría dos xuíces seleccionados para os postos de especialistas.

## **Procedemento de solicitude de dispoñibilidade**

A solicitude de dispoñibilidade aos xuíces farase por parte do secretario do CGX coa antelación necesaria tendo en conta os requisitos do CNJ e de necesidades loxísticas.

Non se admitira, baixo ningún concepto, ningunha resposta fora do prazo informado polo secretario do CGX na petición de dispoñibilidade ou confirmación. A non resposta ou resposta fora de prazo será considerada unha renuncia a actuar no campionato.

Os xuíces que, unha vez confirmada a súa participación definitiva, renuncien a acudir ao campionato, deberán xustificar a súa renuncia, sendo os únicos motivos aceptables de renuncia os asuntos familiares, laborais ou por enfermidade debidamente xustificadas. Toda renuncia non xustificada poderá ser motivo de non convocatoria deste xuíz a vindeiros campionatos de España a celebrar en Galicia a criterio da xunta directiva do CGX.

A xunta directiva do CGX resérvase a posibilidade de non convocar aqueles xuíces ou xuízas que fosen expulsados do xurado en anteriores competicións.

A xunta directiva do CGX resérvase a posibilidade de convocar a xuíces nivel 2 e nivel 1 en máis xornadas das que lle corresponden segundo necesidade do xurado.

*Aprobado por unanimidade pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces na xuntanza celebrada o 19 de novembro de 2023 en Ourense*